

## Comentarios subidos ao blog do IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

### Peaxes

O libro "Peaxes" é un libro cunha estrutura realmente sinxela, diálogos simples, un vocabulario fácil de comprender e sen unha excesiva complexidade na acción. A historia trata dun caixeiro de autoestrada, os lugares onde sucede a acción límitase a cabina, a súa imaxinación e dous lugares máis. A meirande parte do libro fala das imaxinacións do protagonista, como a través dos poucos momentos que ten para poder ver os condutores elabora unha especie de perfíles deles. No libro cada condutor representa o que el quere e pouco a pouco a historia empeza a evolucionar. Decepcionoume o final, é reprochable que sexa perfecto, imaxinaba que remataría ben, pero é demasiado idílico. Tamén penso que o número de coches que a cotío pasa polo peaxe é realmente pequeno e que na realidade serían máis. O libro me gustou, pareceume un libro realmente vivo. Das cousas que máis valoro deste libro é a orixinalidade, nunca lira un libro sobre este tema xa que en principio parece bastante difícil escribir sobre iso pero el demostra que é posible ademais que sexa boa a historia! A pesar da súa sinxeleza ten partes moi ben logradas como son os análises das persoas e o mundo a posteriori que se inventa o caixeiro. Eu creo que este libro ten unha mensaxe bastante clara, arríscate, toma decisións aínda que non estes moi seguro pois aínda que as veces perdas outras ganaras e conseguirás saír da monotonía da túa vida. Penso que esta é a lección que nos intenta ensinar porque vemos como a través de cada valentía do protagonista a súa vida mellora. En conclusión a miña opinión sobre este libro é boa, recomendaría lela. **(Juan)**

Peaxes é unha novela cortiña, na que o narrador nos fala da súa rotinaria vida nunha cabina de autoestrada. Ante o aburrimiento empeza a darse conta de que hai persoas que pasan moi a miúdo por diante da súa cabiña e comeza a pensar en elas a miúdo, sobre todo nunha muller que conduce un clio, da que vai namorándose. A historias que el imaxina na súa cabeza cos personaxes que pasan por diante súa comezan a saír da libreta onde el o anota todo. E a súa vida cambia, comeza a interactuar con eles, rompe a barreira de cristal, os ve de pé e non sentados no seu coche. Penso que é unha historia moi bonita e entretida, Santiago Lopo fainos querer ao protagonista dende o principio, transmite ternura, bondade e acanhamento dende a primeira páxina. Sen embargo aínda que ben escrita e moi levadeira penso que non é unha gran novela, quizais demasiado subrealista, anecdótica, e sen embargo fáltalle algo dalgún xeito. Quizais o final, demasiado previsíbel e sen embargo incompleto e estraño. Penso que sobraba a saída de Golfiña ao final, penso que sobran as aclaracións das vidas dos personaxes, porque eran iso: personaxes, fantasía, ficción inventada no mozo da cabina. **(Claudia)**

O libro peaxes de Santiago Lopo está moi ben. Sobre o autor chamoume a atención que é profesor na Escuela de Idiomas, aquí en Pontevedra. O libro ten unha estrutura moi sinxela formada por numerosos capítulos curtos, deste xeito a lectura pode aprazarse e retomarse en calquera momento. O contido dos seus capítulos é moi semellante, sempre aparece o protagonista contando en primeira persoa a súa xornada laboral. Cada día é un capítulo novo, é coma se fose unha especie de caderno no que el expresa as súas opinións e sentimentos sobre o que lle acontece e a xente que pasa cada día pola peaxe, o seu lugar de traballo. Este é moi rutinario, cobrar a peaxe e dar as voltas ben e rápido, pois a xente non lle gusta agradar e menos nunha autopista. Agás algunha excepción na que aparece a policía, a ambulancia ou o seu compañeiro Chuso, fala sempre da mesma xente, a que chama polo nome do seu coche: Grand Cherokee (un tipo duro que sempre vai acompañado de dous mastíns e unha sospeitosa cantidade de caixas no asento de atrás), Golfiña (unha moza universitaria moi agradable), Ibiza (un mozo xove) e os que comparten o coche (primeiro o protagonista pensa que están casados pero resultan ser irmáns) e Clio (profesora e muller da que o protagonista está namorado). A pesar da súa timidez pouco a pouco vai coñecendo máis sobre a intimidade dos condutores ata que un día Ibiza faille un agasallo, entradas para un concerto de seu grupo nun pub de Compostela. Entón o protagonista ármase de valor e decide convidar ao resto dos condutores habituais e especialmente a Golfiña e Clio.

Todos nós pasamos algunha vez polas peaxes das autoestradas e seguro que, nalgunha ocasión, parámonos a pensar que debe ser un traballo estresante e pouco agradable. O caixeiro de "Peaxes" comeza a imaxinar como sería a vida dos seus clientes para fuxir da súa realidade claustrofóbica e crea un microcosmos coas conversas que escoita en cada un dos coches e os obxectos que observa nos seus vehículos. Despois de ler esta novela curta de Santiago Lopo, estas connotacións negativas da peaxe cambiarán sen dúbida nunha, demostrando que nun espazo pechado tamén hai liberdade para traspasar fronteiras e para

soñar.

Nesta noveliña un cobrador da peaxe nunha autoestrada tenta fuxir da soidade do seu traballo a través da vida doutros e o fai reconstruíndo, mesturando realidade e fantasía, a vida dalgúns dos automobilistas habituais da súa peaxe e dos que máis chaman a súa atención. A mestura de datos reais e fantaseados polo narrador-cobrador, así como o emprego do humor e da ironía, fan que a lectura deste libro resulte moi entretida. O cobrador-narrador, en primeira persoa, vai reconstruíndo a vida dos que pasan pola súa peaxe que denomina dacordo co modelo de coche que empregan: Clio, Golfiña, Ibiza, Grand Cherokee... o narrador vai refacendo coa súa fantasía a vida e a forma de ser destas persoas a partir da marca de coche que usan, a música que levan posta, o que levan nos asentos do coche ou mesmo as conversas que escoita cando baixan a xanela para pagarlle a peaxe. Por certo, pareceume moi curiosa a maneira de introducir cada novo capítulo con anacos de cancións que supostamente as personaxes escoitan no seus coches; unha música diferente segundo sexa quen conduce: unha información decisiva sobre as súas personalidades. Pero nun determinado momento, rómpese a incomunicación e o protagonista chega a falar con estes seres illados. O illamento da cabina e o illamento do habitáculo do coche creban e xorde a comunicación entre estes seres, umha vez superado o medo inicial do protagonista de sobrepasar as barreiras da intimidade dos seus clientes. Ademais das relacións cos personaxes, o protagonista fai unha serie de reflexións sobre o loco que está o mundo hoxe en día e analiza a sociedade segundo as persoas que pasan pola peaxe. No remate o cobrador e os seus coñecidos da cabina da autoestrada van coincidir nun concerto de rock. Hai que salientar a sorpresa que nos depara no desenlace a verdadeira personalidade de Grand Cherokee, co que leva isto de implícito sobre a función fabuladora e como, a partir de datos reais, a imaxinación pode crear o que queira ( as apariencias levaron ao protagonista a imaxinar este personaxe como alguén violento, con problemas coas drogas.... ata que ao final descobre que é , en realidade, un respectable veterinario). Na miña opinión, trátase dunha novela cunha estrutura realmente novidosa e orixinal, escrita cun estilo áxil e con moito ritmo, e ademais con final feliz. **(Alfonso)**

``Peaxes`` libro escrito por Santiago Lopo, é unha novela curta diferente ás típicas obras de escritores galegos. Nela, contase a historia dun caixeiro de peaxe que por aburrimiento ou inquietud, dedícase a elaborar un caderno con notas sobre os condutores que habitualmente pasaban pola peaxe e realizaba un forte análise sobre eles e intentar adiviñar a súa vida. É un libro pintoresco, estraño e moi elaborado pero algo ficticio (o final é moi típico, o transito dos coches algo particular e mínimo, e subrealista o trato que ten o caixeiro con algún dos seus ``personaxes``. En gran medida é un libro que consegue entreter ao lector e consegue facer unha boa mestura entre realidade e ficción. **(Joel)**

Nesta pequena novela de Santiago Lopo un home cóntanos a súa experiencia como caixeiro nun peaxe. Para matar o tempo, dedícase a facer anotacións sobre as súas xornadas laborais e imaxina as vidas dos seus clientes habituais. Nun primeiro momento non lle resulta doado manter moita comunicación con eles, pero pouco a pouco vai tendo pequenas conversas e sucesos. Cando comecei a ler esta novela non pensei que o autor remataría coñecendo as súas personaxes, senón que observaría sempre dende fora. Capítulo tras capítulo, o que Santiago de Lopo converteu en xornadas de traballo, a personaxe principal foise tornando unha persoa máis real para min ao mesmo tempo que os condutores o fixeron para el, sobre todo no momento en que se desenvolven sucesos fora da zona de cobro do peaxe (a confesión de Matiz feminino, o cambio da roda con Ibiza, e especialmente no concerto, no que as personaxes adquiriron un carácter moito máis natural e cotián) As historias que me chamaron a atención foron a de Matiz feminino e a do Grand Cherokee, realmente preocupáronme as vidas destas dúas personaxes, pero a que máis me gustou foi o bonito romance con Clio. Sorprendeume o descubrimento da verdadeira vida de veterinario do condutor do Grand Cherokee e os ataques de paixón de Golfiña e de Clio. Fíxose unha lectura moi amena e interesante. Pareceume un libro moi orixinal e logrado porque non pensaba que se puidese sacar unha boa historia partindo dunha cabina de peaxes. De comenzares un libro eu recomendo este a esas persoas que non se decidan, xa que a min enganhoume dende o primeiro momento. **(Ana)**

Peaxes é unha novela de Santiago Lopo na que se nos amosa o dura que pode ser a rutina dun cobrador de peaxes, que ten que recorrer para evadirse a recrear as vidas dos condutores que pasan pola súa beira. Pareceume unha novela moi fácil de ler, ao ter un léxico normativo e sinxelo e ser bastante curta. Por outra banda, encontrei que a acción se desenvolvía de forma moi lenta, case sen dinamismo, ao narrar pouco a pouco os pensamentos e impresións do cobrador de peaxes acerca dos condutores deixándose levar

polas aparencias. Só tiven un verdadeiro afán por seguir lendo ao final, cando se descobre como realmente son as persoas sobre as que escribira. Grazas a esta parte decateime de que moitos dos xuízos que facemos sobre as persoas que apenas coñecemos son erróneos porque non podemos encadrar a unha persoa polo estilo de música ou de roupa que leva, por unha pequena conversación sacada de contexto, etc ... En resumo, atopei este libro fácil de ler pola súa brevidade, pero preferiría ter lido outro con máis acción e romance, porque aínda que neste no referido ao apartado romántico aparecen Clio e Golfiña, case non se afonda na historia entre eles. (**Marta**)

O libro de Peaxes escrito por Santiago Lopo, pareceume un libro fácil de ler, a súa estrutura era sinxela, o vocabulario tamén, é curioso como o protagonista vai intentando descubrir a vida dos seus "amigos", e como ao final algunhas delas non eran o que él esperaba que fosen, como a de gran cherokee, que resultou ser un veterinario. Pouco a pouco antes de que Ibiza lle dera as entradas para o concerto, xa empezaba a ter bastante confianza con algúns deles. Neste libro aparte doutros valores importantes, nel tamén vese o complicado que é traballar nunha cabina de peaxes pero aínda así por moi moi estraño que pareza consegue quedar coa rapariga que a que supostamente lle gustaba, é increíble iso. En resumo pareceume entretida, xa que é unha historia bastante suave e que ao final acabo por enganchar. (**Marcos**)

"Peaxes " é un libro curto e moi doado de ler. Trata sobre o traballo de Santiago, que traballa nunha peaxe e observa a xente que pasa cada día para ir ao traballo ou algunha universidade. A medida que vas lendo o libro interésate cada vez máis, unha vez méteste no libro te interesas pola vida dos personaxes. É interesante que lle poña os nomes polos seus coches ou as cancións que escoitan, aí dáche conta de que a xente pensa o que es pola aparencia pero en realidade es totalmente distinto. Como pasa coa muller Matiz e o home, case todo o libro pensando como Santiago que eran parella e ao final é irmáns. É interesante como vai fiando cada vida, só pola música os comentarios coa xente ou o ánimo que teñan no idea, pero case non acertou con ningunha vida. Tamén me pareceu interesante que se "namorase" de Clio só por 4 frases que tiñan ao día, pero á vez resulta divertido. O final é demasiado previsible, es dicir, non pensabas ao principio do libro que se ían encontrar todos no concerto de Eivissa, os que invito Santiago e os que non, pero sabíase que remataría con Clio e que Golfiña lle tiraría os teixos. Podería contar todo o libro xa que me gusto moito, recoméndoo con total plenitude, é un libro libre para unha tarde que teñas libre lescho intensamente e remátalo rápido. (**Sara**)

Peaxes narra unha historia de anónimos. Parece produto dun soño. Quen pensara algunha vez o que pensa unha persoa que cobra nos peaxes? Exacto, ninguén. A esencia de este libro é esa. Un anónimo que conta as súas vivencias no seu traballo. Hai coches que pasan sempre e a unha determinada hora. El imaxina como poden ser as súas vidas, que estarán a pensar, de que traballaran. Ao principio non se atreve a falar, so a pensar, pero a medida que pasan os días comeza a interaccionar cos condutores que ten en fronte. Ponlle o nome da marca do seu coche, por iso que no libro non aparece ningún nome real, o protagonista quéreo así, quere que o seu traballo sexa un soño, e que os condutores permanezan intactos de calquera contaminación do mundo real. Todo é así ata que un deses habituais condutores regálalle unhas entradas para o seu concerto como gratificación tras axudarlle a arranxar unha rodal El decide repartir as entradas a cada condutor habitual. E no concerto onde toma contacto directo cos seus personaxes de libro fóra da cabina de peaxes . Fallara a acertara no xogo da adiviñanza das súas vidas. Divértese con eles. Remata a historia cando sae da cama de "Ibiza" . Un conto con remate feliz. A verdade é que foi o libro que menos me gustou neste ano. Lémbreme a "eu de maior quero ser" de Rosa Aneiros. Ademais é un libro que non me di nada, simplemente limítase a contar uns feitos e pensamentos. Non existe un significado máis aló. É demasiado simple. (**Héctor**)

Cando vaia pola autoestrada e chegue a un peaxe recordarei moitas veces este libro de Santiago Lopo. Un libro diferente e moi orixinal, non creo que na miña vida teña lido un libro similar, referíndome á maneira de narración e á idea de orixinalidade clara está. Na novela preséntase ante nós un traballador dun servizo de peaxe dunha autoestrada. Este personaxe na súa soidade e reclusión na cabina comeza a imaxinar e deducir a posible vida dos seus clientes tomando nun principio como referencias a música que escoitan, como van vestidos, as súas facianas ou adquirindo información a través de diálogos de dous verbas. Ao longo da historia o protagonista vence a barreira que existe entre cliente e cobrador para ir adentrándose nas súas vidas e coñecer a verdadeira identidade que se esconde tras esa

xanela do coche, polo que en moitas ocasións vai levar máis dunha sorpresa nas súas primeiras intuicións. Esta narración posúe un final feliz como non pode ser doutro xeito. A novela é unha historia sinxela pero divertida e atractiva, pois en todo momento sentes a necesidade de seguir lendo xa que é unha historia moi dinámica e sen repara en grandes detalles e o libro apenas chega ás cen páxinas polo que a lectura faise moi áxil e rematas enseguida. Creo que o autor intenta destacar a idea de que non todo é como aparenta e que non debemos xulgar a "primeira vista". É preciso tratar máis a fondo a unha persoa e non quedarse no aspecto físico ou na "primeira impresión" para coñecela en profundidade, aínda que hai quen di que esta primeira impresión é a que marca como é verdadeiramente a persoa. **(Álvaro)**

Peaxes é unha novela un pouco atípica, o seu protagonista traballa nunha cabina de peaxes. Mentres esta na cabina decide escribir nun caderno os seus pensamentos sobre algúns dos pasaxeiros, ós que remata por coñecer. Non esperaba que o libro fose tan interesante, pero a verdade é que está ben, non me gustou moito o final, e "demasiado" bo. Tamén hai que destacar a orixinalidade do libro, nunca antes vira un libro escrito desa forma, sen dúbida recomendaríalo para ler. **(Miguel)**

O libro 'Peaxes' de Santiago Lopo é unha novela atípica que presenta unha estrutura sinxela e un vocabulario de fácil comprensión esto unido a brevidade da obra fai que sexa unha lectura rápida. Nesta obra o protagonista é un caixeiro dunha peaxe o cal debido ao aburrimiento e a monotonía do seu traballo comeza a imaxinarse a vida dos seus 'clientes'. Desta obra destacaríase como o autor aumenta a súa confianza en si mesmo ao longo da historia, xa que comeza a manter relacións máis próximas cós seus clientes ata o punto que chega a coñecelos en persoa. Gustoume como o autor analizaba aos seus clientes, o cal me fixo decatarme de que podes coñecer a unha persoa polo simple feito de saber que coche conduce ou que roupa leva. Por outra banda, non me gustou que o protagonista coñecese aos 'personaxes' do seu caderno posto que non me creo que polo simple feito de que os seus protagonistas lle paguen cada día a peaxe cheguen a ser amigos ou mesmo se 'lie' con dous das súas clientes. Con todo isto, recomendaríalle este libro a calquera alumno de 2ºBAC xa que é unha lectura moi rápida. **(Adrián)**

"Peaxes" é unha novela actual escrita por Santiago Lopo que trascorre nunha cabina de peaxe de Pontevedra. O protagonista de esta historia é un traballador da autopista que, escapando da monotonía da cabina na que traballa, decide imaxinar a vida dos viaxantes habituais que día a día pasan polo seu posto de traballo. Golfiña, Ibiza, Clio, Matiz e Grand Cherokee son os personaxes secundarios que compoñen o relato e que o autor utiliza para pasar o rato durante as longas horas que ten que pasar na súa cabina. Ó principio da historia o protagonista, sen coñecer ós seus clientes, realiza un monólogo imaxinándose as súas vidas, pero pouco a pouco vai collendo confianza e falando con eles ata que o final da obra xuntaos a todos invitándoos a un concerto. Fora da rapidez coa que os teñe que atender na vida laboral, coñeceos mellor e fai boa amizade con eles. Entre as ideas que transmite o autor a través desta novela pódese destacar unha que está relacionada con un dito que di: "Non xulgues un libro por su portada". O protagonista do libro imaxinábase a vida dos seus clientes ata que o final da obra descubre o desencamiñado que ía nalgúns casos. En conclusión, podería dicir que foi unha novela interesante, con unha forma de relato diferente ó convencional que o fai diferente e máis entretido. Para rematar o libro gustoume moito e resultoume fácil de ler á vez que curto. **(Javier)**

Peaxes', de Santiago Lopo, é un libro que non se atopa entre os meus preferidos, a pesar de que é moi orixinal: trata das observacións realizadas por un traballador dunha peaxe. O protagonista, do que sabemos poucos datos, comeza a escribir nun caderno o que ve no seu día a día, describindo os encontros cos clientes máis habituais e interpretando pequenos xestos como feitos dunha gran importancia: o xeito de darlle o diñeiro, a maneira de baixar a xanela ou a música que se escoita no interior de cada automóbil son xeitos que ten moi en conta á hora de analizar a unha persoa. Ó longo do libro, o protagonista vai coñecendo máis a fondo ó resto dos personaxes, rematando por establecer unha relación máis íntima con eles. A través dos diferentes perfís de clientes, na obra son tratados unha gran variedade de temas: a comida rápida, a morte, a Igrexa e a diminución da fe na nosa sociedade (a través dun párroco que escoita rock cristián), a identidade galega, os condutores bébedos, e tamén o tráfico de drogas e a violencia (a través de 'Cherokee', quen ten unha identidade real moi diferente á suposta durante o desenvolvemento da trama). Salientaría as interesantes reflexións que se levan a cabo no tocante á sobreinformación e ó tempo. Ademais, non debemos esquecer que é tratado un tema moi actual como é a dificultade de atopar un

traballo acorde coa formación levada a cabo por cada persoa: o protagonista ten unha carreira universitaria, pero non foi quen de conseguir un posto que teña que ver con ela. Gustoume ben o final, a pesar de que é bastante irreal: non é moi crible que un cobrador de peaxes acabe establecendo unha amizade cos seus clientes. Por outra banda, a pesar de que a historia é bastante sinxela, a vida de cobrador de peaxes está moi ben detallada: repárase en feitos nos que nos lector posiblemente nunca pensara. Pareceume moi graciosa a análise que se realiza dos controis da garda civil, e da descrición das faces das persoas que son paradas por eles. Por outro lado, hai certas frases que encontrei certamente interesantes, entre as que salientaría a seguinte: 'Para evitar conflitos lingüísticos entre comunidades diglósicas, ou para censurar a lingua que se resistiu tantas noites pétreas, o mellor é utilizar o latín, o noso idioma primixenio: volvamos ás raíces, a ver quen ousa dicirnos algo'. Con isto, o protagonista leva ó ridículo a situación lingüística que ten lugar en Galicia, dunha forma irónica, pero que serve para facer reflexionar sobre un tema moi serio. Resumindo, 'Peaxes' é un libro que non me gustou demasiado. O argumento é demasiado simple e pouco realista, e trama case non está elaborada. Non o recomendaría. (Marta)

Peaxes é un libro curto, fácil de leer e entender e cunha historia entretida. Dende a visión traballador, na súa cabina do peaxe, achéganos a historia dunha serie de personaxes dos que imaxina e escribe a súa vida nun caderno, indagando pouco a pouco na súa vida e collendo confianza con eles, incluso nos di a música que escoita cada vez que pasan. Namorase dunha das mulleres que pasa pola súa cabina tódolos días, e tras unha serie de circunstancias, consegue coñecela fóra do traballo. Aunque gustoume o libro e pareceume moi orixinal, o final con tódolos personaxes que pasan tódolos días pola súa cabina paréceme demasiado subrealista, esperaba que terminara dalgunha outra forma diferente, teño en conta que toda a estrutura do libro é moi orixinal, esperaba máis. (Claudia)

O libro "Peaxes" encantoume, a verdade é que me sorprende un libro que tratase sobre a vida dun home que traballa como cobrador nunha cabina de peaxe da autoestrada. É moi curto e de fácil lectura xa que usa vocabulario moi sinxelo. O cobrador vaíse imaxinando a vida dalgunhas persoas que pasan habitualmente polo seu peaxe e vai tomando notas no seu caderno, vai montando a vida de cada persoaxe na súa mente, grazas as conversas telefónicas que oe, a música que escoitan, as cousas que levan no coche ... Pero ao final, o autor querenos dicir que non hai que prexuzgar as persoas antes de coñecelas, xa que se leva unha sorpresa cando descobre a vida dun dos seus clientes habituais na peaxe, é moi distinta da que el se imaxina. Nunca pensei que se poidera escribir un libro sobre isto, si é certo que me preguntaba que faran os traballadores das gasolineras e os cobradores das peaxes no turno de noite, pero de iso a facer un libro contandoo e moi distinto. (David)

O libro "Peaxes" é moi entretido e moi fácil de ler. A súa historia embáucanos nos pensamentos dun home, do que non sabemos moito, que nos relata o que el cre que pode ser a vida da xente que, por diferentes temas, tene que pasar tódolos días polo seu traballo. Concretamente se centra en seis ou sete personaxes, por exemplo, Clio, da cal esta namorado; ou o señor e a señora Matiz que ao final rematan sendo irmáns. E así ata chegar o punto no que empezan a falar e a partir de aquí todo cambia. Este libro gustoume moito, tanto a forma que ten de contala historia como o relato en si, polo tanto recoméndoo. (Paula)

É un libro curto moi sinxelo de ler. Nunca lira un libro cun argumento semellante, a pesar da súa sinxeleza ten algo de complexidade. Un home que estudara filoloxía inglesa acaba traballando nunha cabina de peaxes. En períodos nos que a auto estrada esta case baleira, os seus compañeiros se dedican a xogar as maquiñas, mentres ca él dedícase a escribir sobre os seus clientes habituais, na súa imaxinación crea un mundo , que ó final non resulta ser tan imaxinario, senón todo o contrario. Nun principio só os analizaba cando pasaban pola cabina, e sacaba as súas propias conclusións sobre eles, non sempre acertadas. Pouco a pouco comezou a ter relacións cos seus propios personaxes. Un día axudou a un deles nunha avería do coche e este como mostra de agradecemento regaloulle unhas entradas para un concerto, posto que era rockeiro. Entón ocorrúeselle a idea de repartir as entradas entre todos os seus personaxes e así coñecelos de cerca, sobre todo a pasaxeira que conducía o Clio, da cal estaba namorado, sen apenas coñecela. Finalmente conseguiu reunilos a todos e coñecer a realidade. O espazo no que se desenvolven os feitos é a cabina. O final non é predecible, non imaxinei que o final aparecesen todos os personaxes alí reunidos e moito menos que acabaría liado con Clío. A pesares de que resulte algo natural, hai como unha

especie de mestura co imaxinario. Penso que nos quere transmitir a idea de que, temos que ser atrevidos, e arriscarnos , que quen non arrisca non gaña,unhas veces se gaña e outras se perde,pero polo menos dicir que o intentaches.Total as probabilidades de gañar ou perder son as mesmas. (**Naiara**)

Santiago Lopo lévanos á pel dun home que traballa nun caixeiro de peaxe. Este traballador dedícase a observar ás persoas que pasan polo seu posto de traballo, imaxina o seu modo de vida e plásmalo nun libro. Na miña opinión o libro parte dunha base creativa e orixinal. Dubido que na miña vida vaia a encontrarme cun libro que o personaxe principal sexa o cobrador de peaxe, isto é o que o fai diferente e atractivo para o lector. O que máis destacaría deste libro, fronte a outros da mesma índole, é a pouca información que se lle da ao lector do personaxe principal. Un personaxe atrapado en catro paredes como un paxaro engaiolado, que non para de observar o seu arredor esperando que algo aconteza. (**Andrea**)

"Peaxes" pareceume un libro bastante orixinal pero, a pesar diso, non me gustou moito debido á súa sinxeleza. O argumento baséase nun home que traballa nunha peaxe, dende a cal relata todo o que alí lle sucede. Así é como vai presentando a cada un dos personaxes que van aparecendo por alí co paso dos días, moitos deles habituais, e explica a estraña atracción que sente cara a eles, como se os considerara xa os seus amigos. Finalmente, a historia remata nun concerto ao que acoden todos, chegando a poder coñecerse por fin. A historia está contada dende o punto de vista do home que traballa na peaxe, o cal narra os acontecementos en primeira persoa, explicando con detalle as conversas que ten con cada un dos seus distintos clientes e incluso a música que estes escoitan. En xeral, o argumento segue unha liña adaptada perfectamente á realidade, exceptuando o remate que, aínda que podería darse, resulta demasiado surrealista. Por outra banda, a linguaxe utilizada polo autor é moi sinxela, polo que a historia resulta fácil de entender. Ademais disto, a trama é realmente simple, xa que os sucesos ao longo do relato son basicamente conversas entre persoas, sen pasar nada realmente relevante ata o final. Na miña opinión, a idea na que se basea o libro é bastante boa. Penso que é orixinal o feito de que o autor sexa capaz de relatar unha obra sen mover a acción dunha cabina de peaxe ata o desenlace. Sen embargo, creo que está mal enfocada, xa que o vocabulario é moi simple, e os acontecementos moi pouco variados, polo que é moi fácil que resulte unha historia aburrida. Pola contra, o final é moito máis entretido, con varios personaxes xuntos mantendo conversas e coñecéndose mellor pero, debido ao surrealista que parece isto, fai que o interese do lector diminúa en gran medida. En resumo, penso que o conxunto de todo isto provoca un resultado sinxelo e pouco arriscado, seguindo sempre unha mesma liña que fai ver que a obra non ten unha gran elaboración. En conclusión, "Peaxes" non foi un libro que me gustara demasiado e, a pesar da súa fácil lectura e curta extensión, non é unha obra que eu recomendaría. (**Andrea**)

Nesta pequena obra Santiago Lopo plasma o mundo visto desde unha perspectiva sinxela: a dun caixeiro de peaxe. Probablemente nunca nos detivemos a pensar cómo é ese tipo de traballo. Todo o día atrapado, quedo, inmóbil nunha cabina contemplando cómo os pasaxeiros pasan un tras outro. Era de esperar que o protagonista puxera a funcionar a súa imaxinación para recrear a vida dos clientes na súa mente. Desta forma, pouco a pouco vains introducindo no seu mundo, no mundo dos seus personaxes, aos que vai analizando e descubriendo a medida que transcorre o fío da historia. Para psicalanizalos utiliza os rasgos que pode observar superficialmente neles: a música que escoitan, o coche que levan, a súa forma de falar, de vestir... A verdade é que, pese a non ser un argumento denso ou elaborado, a historia é orixinal, diferente. Creo que Santiago Lopo pretendía que nos deramos de conta do moito que importan os detalles, da forma na que, sen sabelo sequera, podemos chegar a influír na vida dos demais, das conexións entre vidas aparentemente independentes as unhas das outras. O autor entreteceu vidas diferentes e fixo que coincidiran nun mesmo punto, que colisionaran ao final. A pesar de que é unha novela curta, cun argumento do máis simple e un final do máis predecíbel, é bastante entretida. O vocabulario é, como a trama, sinxelo e doado de entender. Recomendaría "Peaxes" tanto a persoas ás que non lles gusta moito a lectura, xa que é un libro curto, como a aquelas ás que lles interese pasar un bo e breve rato lendo unha historia peculiar e interesante, totalmente diferente e nova. (**Marcela**)

Neste libro, Santiago Lopo cóntanos unha historia dun home contemporáneo dos nosos días. É orixinal, curto e entretido. Ademais de que é moi doado de ler e non presenta dificultade

ningunha para a súa comprensión. O libro cóntanos a historia dun home adulto que traballa nunha peaxe. Pero, al menos dende a miña perspectiva persoal, quere facer una crítica da sociedade actual. O protagonista está reflexionando practicamente en todas as follas sobre algúns aspectos da vida; vivimos co tempo sempre controlado, con présas, sen percatarnos de que non andamos a disfrutar da nosa existencia, etc. E moitos temas máis. E tamén, que unha sociedade así é capaz de excluírte, como ao protagonista da historia que non ten moitos amigos e pasa o tempo no seu traballo analizando á xente de todo tipo dado que case todo o mundo usa o coche e pasa polas peaxes das autoestradas, e illándose da súa triste realidade usando o seu máxín. Pola contra, el pensa que non é tan desgraciado. Xa que ao ter o televisor estropeado e non andar ás últimas modas é capaz de actuar e pensar por sí mesmo.

Aínda que, estea ata o final da obra "disfrutando" da súa soidade, coma moitas outras persoas. A causa desta nova maneira convulsa de vivir. En conclusión, pode dicir que este libro é moi recomendable. Entretido, curto, orixinal e de boa calidade. **(Pablo)**

Peaxes é unha novela breve na que o autor, Santiago Lopo, nos conta a historia dun mozo que traballa nunha peaxe. Fálanos de como o mozo para entreterse dentro desa cabina imaxina historias sobre as persoas que pasan por esa peaxe moi a miúdo, como por exemplo: Clio, Ibiza, Golfiña... É un libro moi sinxelo, e como é moi curto acabas de lelo en moi pouco tempo. Ademais, a historia é entretida e bastante divertida polo que te enganxa moi rapidamente. Sen dúbida recomendo ler este libro. (Lola)

Este libro conta a historia dun caixeiro de peaxe que se fixa nas vidas dos que se cruzan con el acotío e fuxe da soidade do seu traballo a través da vida doutros. Todos os que por alí pasan teñen unha historia e, como non coñece os seus nomes, decide chamarlles polo modelo dos seus coches. Esta é unha novela curta que está moi traballada e penso que pode aportar algo ao lector, faiche pensar e analizar a sociedade de hoxe en día. Penso que é un libro fácil de ler e o recomendaría a calquera persoa de calquera idade xa que é corto e non ten ningún problema de comprensión. **(Susana)**

"Peaxe" é un libro escrito por Santiago Lopo, no que nos mostra unha visión dun traballador dunha cabina de peaxe, que para matar o aburrimiento e a soidade do traballo comeza a imaxinarse a vida dos seus clientes, sobre todo os máis habituais e desa forma vai creando ós personaxes da súa historia, entre os que se encontran Ibiza, Matiz, Golfiña, etc... e que mostran a distintos membros da sociedade de hoxe día, é un pequeno reflexo da nosa sociedade moitas veces dominada por la presa que non se decata das cousas máis sinxelas. Podería dicir que o que máis me sorprendeu deste libro foi o final, en algún momento supoñía que podería chegar a coñecer a moza da que se namorara pero endexamais imaxinei que os coñecería a todos e dalgunha maneira, pasasen a formar parte da súa vida. Nunca antes lera un libro no que o protagonista é un traballador do peaxe, iso gustoume xa que nos dá unha interpretación distinta da realidade. É unha novela moi curta moi sinxela de ler, pero ao mesmo é moi entretida así mesmo recomendaría a calquera persoa que lle gusten as historias orixinais e novidosas. (Marta)

Orixinalidade é a palabra que podería definir este libro, Peaxes. O noso protagonista traballa nunha cabina durante moitas horas seguidas coa única función de cobrar e levantar a barreira. Unha persoa mentalmente sana acabaría trastornada, a sensación de claustrofobia é enorme, o traballo é monótono, e a maioría dos condutores non están moi dispostos a falar. O autor intenta dalgunha maneira desmentir esto. En primeira persoa, un traballador dunha peaxe conta como é de emocionante a súa vida alí. A través dun caderno ou diario tenta relatar a vida dos seus principais clientes. O único que utiliza para poder caracterizalos é a música que van escoitando no coche e o aspecto superficial que mostran. Sorpréndeme o xeito no que os chama; a cada un segundo a súa marca do coche, está Ibiza, Matiz, Grand Cherokee, Clio e Golfiña. O grado de imaxinación pode chegar a ser moi alto e todo o que nos conta o traballador é crible ata o final, onde desmíntese e vemos que non acertara case ningunha das súas suposicións. A parte de ser un libro curto ten máis aspectos positivos; intercala historias diversas, namórase dunha moza, cre que un é narcotraficante, e dalgún xeito vaite deixando intriga de como rematará realmente e se o escrito naquel diario sería verdade. O final é un tanto raro e moi predecible, quizais o cambiaría e intentaría sorprenden máis ó lector. Por último, gustaríame comentar que o galego é moi fácil de entender, non resulta nada traballoso, conta cun argumento sinxelo e predecible. Podería lelo calquer persoa, ata ás que non lles gusta ler, pasarían un bo rato. **(Pablo E.)**

O libro "Peaxes" pareceume realmente curioso e diferente, o feito de que un caixeiro de peaxe imaxine outras vidas a partir dos clientes que se atopa cada día, para logo escribilo no seu caderno , fai deste libro que sexa bastante orixinal. Gustoume que ó final do libro o protagonista reunise o valor para convidar a "Clio" ( polo seu coche recibe este apodo) a moza que o ten tolo. É un libro bastante breve, que se achega a realidade e no cal non falta sentido do humor por parte do protagonista,que sempre se dirixe en primeira persoa, iso fai que sexa un libro cercano e que nos fai ver que as cousas non sempre son como imaxinabamos xa que moitos dos protagonistas do seu caderno non van ser como asemellan. 100% recomendable. **(Paula)**

Todo o mundo pasou algunha vez por una peaxe pero, alguén parouse a pensar algunha vez como sería traballar encerrado nunha cabina mínima durante horas falando unicamente para cobrar o peaxe? Isto é o que nos mostra o escritor Santiago Lopo neste libro, "Peaxes". O protagonista, un cobrador de peaxes recién incorporado ao traballo busca unha maneira de que lle transcorra o tempo o máis rápido posible dentro desa gaiola onde se pasa os días cobrando a peaxe. Os seus compañeiros len revistas, xornais, xogan aos videoxogos, pero el atopa outra distracción menos común; facer un perfil dos condutores que pasan pola súa cabina e imaxinar que fan, quen son... No libro aparecen os máis habituais. Entre eles atópase unha moza á que lle chama Clio polo coche, pola que sente algo especial. Este libro é bastante monótono pero sinxelo de ler e sen ningún problema á hora de entendela. O final é demasiado optimista para o meu gusto, idealizado de máis, aínda así, pódese ler. **(Paula)**

Nesta curta pero intensa obra de Santiago Lopo nárrese a historia dun home que traballa nunha cabina de peaxes, lugar onde ocorre a maior parte dos sucesos, e que se dedica a analizar aos seus clientes habituais e anotar todo o que ocorre nun caderno, identificándoos pola marca dos seus coches. Ao principio, parece que conta a historia desde a distancia posto que só se limita a narrar o que lle sucede cada día pero mais tarde, comeza a interactuar con eles. A pesar de que as suas conversas duran un pequeno instante, o protagonista é capaz de imaxinar unha morea de cousas a través da música que sae de cada vehículo e da actitude de todos os clientes. Aínda que, as veces, chega a unhas conclusións pouco acertadas. "Peaxes" é unha obra sinxela e moi fácil de ler. Quizá non é un libro que te atrae desde o principio pero sí un relato que te vai sorprendendo á medida que chegas ao final, porque creo que non é un desenlace nada predecible. **(Lorena)**

O libro " Peaxes" conta a historia dunha persoa que traballa nunha cabina na autoestrada e intenta adiviñar a vida de certos condutores que pasan con asiduidade por alí, isto o fai para entreterse o facer máis amena a súa xornada de traballo. Ao final de historia coñee persoalmente a estes condutores e verá que na maioría dos casos a vida dos condutores non era como el a imaxinaba.En conclusión recomendo este libro xa que é unha historia bastante entretida e moi doada de ler. **(Ramón)**

"Peaxes" é unha novela breve protagonizada por un caixeiro de peaxe da autoestrada. Desde a súa ventá ao mundo, bota unha ollada ás fraccións de vidas que se cruzan con el acotío. A orixinalidade para amosarnos a sociedade actual e a súa imaxinación para saber máis de cada personaxe, desde logo, é unha das súas características principais. Un libro que recomendaría xa que é unha historia entretida, sinxela e moi doada de ler. Gustoume tamén pola súa frescura e rapidez na que discorre o relato que pronto te engancha para querer saber o que ocorrerá a continuación. **(Elisa)**

É realmente un libro orixinal. Gustoume que a música ocupase un lugar tan destacado no libro, como o autor describe ao personaxe principal e a historia pareceume diferente pero, sen dúbida, o mellor do libro é o final. O narrador da historia é o protagonista, un caixeiro da autoestrada, que a través da súa fiestra, imaxina a vida dos seus personaxes que non son outros que as persoas que a diario pasan pola peaxe. Todo son indicios pois o único que escoita son conversacións curtas como: " ola", "bos días", "aquí ten o diñeiro" e as estrofas das cancións que están a oír no momento de pagar. Con todo iso, el imaxínase como son, en que traballan, o seu estado de ánimo e escribeo rigorosamente todos os días nun caderno que leva sempre consigo. Ese é o seu mundo e a súa xornada laboral non é completa se non os ve a todos. O autor describe moi ben o personaxe. Unha persoa obsesivo que vive nun mundo de fantasía que el inventa e ao que a súa persoa importa pouco. Describe a súa vida como inútil e sen sentido. É un home depresivo ao que só lle importan os seus personaxes, como el os chama, porque só existen na súa mente, que logo ao coñecelos pasarán a ser persoas dun mundo real e xa non serán personaxes. A música ocupa un lugar importante, o



que escoitan defíneos. Por exemplo grand cherokee, un deles, escoita a Bob Marley e como ten rastas catalógao de desaliñado, drogadicto, bohemio e con pouco diñeiro, alguén perigoso para el. Non lle apetéce demasiado coñecelo. Golfiña escoita rock así que é unha persoa alegre, desenfadada á que quere coñecer máis en profundidade. Corre moito co coche, así que di que é impulsiva pero en xeral , gostalle e quere coñecela. E así fai un a un con todos os seus personaxes. Paréceme divertido que a todos lles chama polo nome do coche, non lle importan os seus nomes, a súa etiqueta é esa e que tampouco di o seu ao longo da historia. Gustoume o final porque ten a oportunidade de coñecelos nun concerto e decatase de que as súas historias non son como el pensaba e entón cando chega á casa xa non volve escribir no seu caderno. Agora non son personaxes da súa imaxinación, son persoas reais, de carne e óso e a fantasía xa non ten cabida. Volve ao mundo real. Paréceme bo como reflexión. Recomendo a súa lectura. (**Rubén**)